



**BATERÍA DE PREGUNTAS 1º EXERCICIO
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A (PERSONAL LABORAL)**

1. **Quen intervirá no control e xestión de todos os centros sostidos pola Administración con fondos públicos, nos termos que a Lei estableza?**
 - a. Os profesores, os pais e os alumnos
 - b. Os profesores, os pais e, no seu caso, os alumnos
 - c. Os profesores e os pais
 - d. Os poderes públicos

2. **En canto á investidura do Presidente do Goberno, sinala a correcta:**
 - a. O Rei, previa consulta cos líderes dos grupos políticos con representación parlamentaria, e a través do Presidente do Congreso, propoñerá un candidato á Presidencia do Goberno
 - b. O candidato proposto expoñerá ante as CCGG o seu programa político e solicitará a súa confianza
 - c. Si obtivera maioría absoluta cas Cámaras, o Rei nomear ao Presidente
 - d. Todas son INCORRECTAS

3. **Respecto ao Estado, o Rei é símbolo da súa:**
 - a. Unidade e integridade
 - b. Independencia e soberanía
 - c. Integridade e soberanía
 - d. Unidade e permanencia

4. **Disposicións. A Constitución foi publicada nos suplementos do BOE do 29 de Decembro de 1978 nas seguintes linguas:**
 - a. Catalana, Galega e Vasca
 - b. Catalana, Galega, Valenciana e Vasca
 - c. Balear, Catalana, Galega e Vasca
 - d. Balear, Catalana, Galega, Valenciana e Vasca

5. **Dos dereitos e deberes fundamentais. Como se perde a nacionalidade española?**
 - a. A nacionalidade española non se poderá perder nunca
 - b. De acordo co establecido pola Lei
 - c. De acordo co establecido no Título II da Constitución
 - d. Ningunha é correcta

6. **As Comunidades Autónomas designarán ademais:**
 - a. Un senador mais por cada provincia do seu respectivo territorio
 - b. Non designarán Senador adicional algún
 - c. Un Senador por cada millón de habitantes do seu respectivo territorio



- d. Un senador, e outro mais por cada millón de habitantes do seu respectivo territorio
- 7. Segundo a Constitución Española, o correcto exercicio do dereito a reunión, require de:**
- a. A reunión estea previamente autorizada, si vai ser celebrada nun lugar público
 - b. A reunión sexa pacífica e sen armas
 - c. Si a reunión se celebra nun recinto privado, existe un deber de información á Autoridade Governamental a efectos de seguridade, cando se prevexa a asistencia á mesma de máis 50 persoas
 - d. Todas as respostas son correctas
- 8. A nacionalidade española adquirese, consérvase e pérdese de acordo co establecido por:**
- a. A Constitución
 - b. A Lei
 - c. a publicidade das normas
 - d. os códigos
- 9. A Constitución Española garante:**
- a. O principio de legalidade
 - b. A xerarquía normativa
 - c. Todas as respostas anteriores son correctas
 - d. A publicidade das normas
- 10. O capítulo “Dos principios reitores da política social económica” encádrase no:**
- a. Título I
 - b. Título II
 - c. Título III
 - d. Título IV
- 11. Cando o Defensor do Pobo, en razón do exercicio das funcións propias do seu cargo, teña coñecemento dunha conducta ou feitos presumiblemente delituosos:**
- a. Poñerao en coñecemento do Fiscal Xeral do Estado
 - b. Poñerao de inmediato en coñecemento dos Tribunais
 - c. Poñerao en coñecemento do Goberno que, á súa vez, informará a Fiscalía
 - d. Poñerao de inmediato en coñecemento do Ministerio do Interior
- 12. Título Preliminar. Indique a proposición CORRECTA. De conformidade co establecido no Artigo 9, a Constitución garantizará:**
- a. A interdición da arbitrariedade dos poderes públicos
 - b. A igualdade normativa
 - c. A irretroactividade das disposicións sancionadoras favorables
 - d. A irretroactividade das disposicións restritivas dos dereitos colectivos



- 13. A Reforma constitucional non poderá iniciarse:**
- En tempo de Guerra
 - En estado de excepción e sitio
 - En estado de alarma, excepción e sitio
 - As respostas A e C son correctas
- 14. As cortes xerais están formadas por:**
- Congreso, Senado e Asembleas das CCAA
 - Congreso e Asembleas das CCAA
 - Congreso dos Deputados e Senado
 - Senado e Asembleas das CCAA
- 15. As cámaras poderán delegar nas Comisións Legislativas Permanentes a aprobación de:**
- Aprobación de proxectos de Lei e Leis de bases
 - Aprobación de proposicións de Lei e Leis de bases
 - Aprobación de proxectos de Lei e cuestións internacionais
 - Aprobación de proxectos ou proposicións de Lei
- 16. Do Poder Xudicial. Segundo o artigo 117.5, o principio que constitúe a base da organización e funcionamento dos tribunais é o de:**
- Legalidade
 - Independencia
 - Unidade Xurisdicional
 - Separación de poderes
- 17. Cal é o número de membros que compoñen a Deputación Permanente do Congreso?**
- 15
 - 24
 - 20
 - 21
- 18. Que Poder representan as Cortes Xerais?**
- O Poder Xudicial
 - O Poder Lexislativo
 - O Poder Executivo
 - É o órgano de representación popular.
- 19. Que meses abarca o primeiro período de sesións das Cámaras?**
- De setembro a xaneiro
 - De xaneiro a xuño
 - De setembro a decembro
 - De xaneiro a xullo



- 20. Cando nos referimos a unha “delegación” das Cortes o Goberno para a formación dun texto articulado, falamos de:**
- Un Decreto Legislativo
 - Unha Lei de Bases
 - Unha lei ordinaria
 - Un Decreto-Lei
- 21. As Cámaras poderán delegar en Comisións Legislativas Permanentes:**
- A aprobación da reforma constitucional
 - A aprobación das Leis Orgánicas e de bases
 - A aprobación de proxectos e proposicións de Lei
 - A aprobación dos Presupostos Xerais do Estado
- 22. Cando o Defensor do Pobo, en razón do exercicio das funcións propias do seu cargo, teña coñecemento dunha conducta ou feitos presumiblemente delituosos:**
- Poñerao en coñecemento do Fiscal Xeral do Estado
 - Poñerao de inmediato en coñecemento dos Tribunais
 - Poñerao en coñecemento do Goberno que, á súa vez, informará a Fiscalía
 - Poñerao de inmediato en coñecemento do Ministerio do Interior
- 23. Cal é a función principal do Defensor do Pobo?**
- Facer leis
 - Resolver conflitos internacionais
 - Protexer os dereitos dos cidadáns
 - Administrar xustiza
- 24. Quen elixe ao Defensor do Pobo en España?**
- As cortes xerais
 - O Senado
 - O Consello Xeral do Poder Xudicial
 - O Rey
- 25. Cales son os requisitos procedimentais para a creación ou supresión de Municipios?**
- O ditame dos Consellos Consultivos e aprobación do Consello de Goberno da Comunidade.
 - A audiencia aos Municipios interesados.
 - O acordo por maioría absoluta do Municipio interesado.
 - A audiencia dos Municipios interesados e o ditame dos Consellos Consultivos.
- 26. Os elementos do municipio. Sinala a INCORRECTA:**
- Territorio
 - Poboación
 - Urbanismo
 - Organización
- 27. Sinala a CORRECTA:**
- O termo municipal está formado por territorios divididos



- b. Todo municipio español pertenece a unha ou varias provincias
 - c. A división do termo municipal en zonas e barrios é competencia do Concello
 - d. A división do termo municipal en zonas e barrios é competencia do Goberno do Estado.
28. O _____ é o rexistro administrativo onde constan os veciños eveciñas dun municipio:
- a. Libro de actas
 - b. Padrón municipal
 - c. Rexistro notarial
 - d. Rexistro veciñal
29. Con respecto ao municipio, a condición de “veciño” comporta unha serie de dereitos e deberes. Sinala a INCORRECTA:
- a. Ser elector e elixible nos termos que estableza a lexislación electoral
 - b. Participar na xestión municipal
 - c. Utilizar os servizos públicos de acordo ao interese da persoa
 - d. Contribuír mediante prestacións económicas e persoais legalmente previstas
30. A condición de veciño adquirese:
- a. No mesmo momento do seu inscrición no Padrón.
 - b. No momento do seu nacemento
 - c. No momento da súa chegada ao municipio
 - d. Ningunha é correcta.
31. Quen está obrigado a inscribirse no Padrón municipal?
- a. Os españois.
 - b. Unicamente os estranxeiros comunitarios.
 - c. Toda persoa que viva en España.
 - d. Os españois e os estranxeiros comunitarios
32. Por quen son elixidos os alcaldes?
- a. Polo Presidente da Provincia á que pertencen
 - b. A través dos veciños por votación
 - c. Polos Concelleiros ou polos veciños
 - d. Polos Concelleiros previamente elixidos.
33. Cal das seguintes non é unha causa de perda da condición de Concelleiro?
- a. Resolución administrativa.
 - b. Incompatibilidade.
 - c. Perda da nacionalidade española.
 - d. Renuncia
34. En que artigo se recollen os elementos que forman el Municipio?
- a. Artigo 11 parágrafo 2 da Lei de Bases de Réxime Local.
 - b. Artigo 11 parágrafo 2 da Lei 30/1992.
 - c. Artigo 11 parágrafo 1 da Lei 30/1992.



d. Artigo 11 parágrafo 1 da Lei de Bases de Réxime Local.

35. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias.

Sinala a INCORRECTA:

- a. Urbanismo e infraestruturas
- b. Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.
- c. Obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais
- d. Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade

36. O Concelleiro, Deputado ou membro de calquera entidade local que resultar proclamado electo, deberá presentara credencial ante:

- a. O Concello
- b. O Pleno municipal
- c. As cortes xerais
- d. A Secretaría Xeral.

37. Os membros das Corporacións Locais están:

- a. Suxeitos a responsabilidade civil polos actos e omisións realizados
- b. Suxeitos a responsabilidade penal polos actos e omisións realizados
- c. Suxeitos a responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados
- d. Exentos de responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados

38. Que nome recibe a proposta que se somete ao Pleno relativa a un asunto incluído na orde do día, que acompaña á convocatoria?

- a. Proposición
- b. Ditame
- c. Enmenda
- d. Rogo

39. Que asistencia se require para a válida constitución do Pleno?

- a. Un quinto do número legal de membros da Corporación.
- b. Un terzo do número legal de membros da Corporación.
- c. Un terzo do número de membros asistentes á reunión.
- d. A metade máis un do número legal de membros da Corporación

40. Cal é o órgano colexiado local encargado de tomar decisións e establecer políticas no municipio?

- a. Concello
- b. Xunta autonómica
- c. Xunta de Goberno Local
- d. Pleno Municipal

41. De acordo co establecido no artigo 3.º da Lei 7/1985, do 2 de abril, a Administración Local Española está constituída por:

- a. As entidades locais territoriais (municipio, provincia e illas)
- b. Entes que gozan da condición de entidades locais

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



- c. Entidades de ámbito territorial superior ao municipal, non recoñecidas polas CCAA
- d. A e B son correctas

42. A xunta de Goberno Local está integrada por:

- a. O Alcalde e un número de Concelleiros non superior á cuarta parte do número legal dos mesmos
- b. Polo Alcalde e 2 concelleiros
- c. Soamente polos Concelleiros
- d. O Alcalde e un número de Concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos

43. Según a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e conforme ao artigo 5, non necesariamente deberá acreditarse a representación cando:

- a. Se presente unha declaración responsable.
- b. Se interpoña un recurso
- c. Se formule calquera solicitude iniciadora dun procedemento.
- d. Se solicite información sobre actos de mero trámite no procedemento de que se trate.

44. En canto ao trámite de "audiencia", marca a CORRECTA.

- a. A audiencia do interesado é o trámite que no procedemento administrativo manifesta o dereito de acusación
- b. A audiencia só poderá manifestarse mediante o escrito de alegacións
- c. O art. 105 c) da Constitución Española garante a audiencia do interesado no procedemento administrativo
- d. Levase a cabo no momento inmediatamente despois de redactar a proposta de resolución

45. Cal é o prazo máximo para resolver un procedemento administrativo común?

- a. 1 mes
- b. 3 meses
- c. 6 meses
- d. 1 ano

46. Por falta de resolución expresa, un procedemento iniciado de oficio, producirá como efecto:

- a. A prórroga automática do prazo para resolver por outros tres meses.
- b. O sobresemento
- c. A estimación por silencio administrativo das pretensións das persoas interesadas se as houber.
- d. A súa caducidade sempre que se trate de procedementos sancionadores.

47. Que recurso se interpón contra os actos administrativos?

- a. Revisión
- b. Reposición



- c. Recurso dealzada
 - d. Recurso contencioso-administrativo
- 48. Cal é o prazo máximo para interpor un recurso de alzada?**
- a. 15 días hábiles
 - b. 1 mes natural
 - c. 2 meses naturais
 - d. 3 meses naturais
- 49. Indique cal é o recurso administrativo que procede contra os actos firmes en vía administrativa se aparecen documentos de valor esencia para a resolución do asunto que, aínda que sexan posteriores, evidencien o erro da resolución recorrida.**
- a. Recurso de alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou.
 - b. Recurso extraordinario de revisión ante o órgano administrativo que os ditou
 - c. Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que os ditase
 - d. Recurso extrordinario de revisión ante o órgano superior xerárquico do que os ditou.
- 50. Poderán establecerse especialidades do procedemento referidas aos órganos competentes, prazos propios do concreto procedemento por razón da materia, formas de iniciación e terminación, publicación e informes a solicitar:**
- a. Regulamentariamente
 - b. Só mediante lei
 - c. Ningunha é correcta
 - d. Mediante lei ou regulamentariamente.
- 51. De acordo co artigo 76.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común da Administracións Públicas, en que momento poderán as persoas interesadas alegar os defectos de tramitación e, en especial, os que supoñan paralización do procedemento ?**
- a. En todo momento
 - b. En calquera momento anterior ao trámite de audiencia.
 - c. Dentro do trámite de audiencia.
 - d. Á hora de formular o correspondente recurso.
- 52. A que nos referimos cando falamos de “caducidade” dun procedemento administrativo?**
- a. É o transcurso do prazo que ten a Administración para ditar e notificar oportuna resolución administrativa sen que se levara a cabo a mesma.
 - b. É a posibilidade de ampliar os prazos establecidos na lei cando o procedementose encontre próximo a rematar
 - c. Á extinción do dereito a resolver o procedemento administrativo por parte da Administración
 - d. Á facultade da Administración para anular os seus propios actos
- 53. En canto ao silencio administrativo, marca a INCORRECTA:**
- a. O silencio administrativo é a figura do dereito que permite a estimación ou



- desestimación tácita que a Lei anuda á ausencia de resposta por parte da Administración, unha vez transcorrido o prazo legalmente establecido.
- b. O silencio administrativo sempre é positivo.
 - c. En procedementos iniciados a solicitude do interesado, o vencemento do prazo máximo sen notificar resolución expresa, lexítima ao interesado para entendelaestimada por silencio administrativo.
 - d. A estimación por silencio administrativo ten para todos os efectos a consideración de acto administrativo rematador do procedemento.
- 54. De acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común da Administración Públicas, cando unha notificación sexa rexeitada pola persoa interesada no primeiro intento:**
- a. Procederá notificar en edictos.
 - b. Entenderase notificado o destinatario.
 - c. Será preciso notificar unha segunda vez dentro dos 3 días seguintes.
 - d. Será preciso notificar unha segunda vez dentro dos 3 días seguintes en franxa de horas distintas.
- 55. Que principio rexe a relación xurídico administrativa?**
- a. Principio de igualdade
 - b. Principio de xerarquía
 - c. Principio de proporcionalidade
 - d. Principio de autonomía
- 56. Quen son os suxeitos da relación xurídicoadministrativa?**
- a. A Administración e os cidadáns
 - b. Os xuíces e os cidadáns
 - c. Os funcionarios públicos e os cidadáns
 - d. Os partidos políticos e os cidadáns
- 57. A que nos referimos cando falamos de “órganos colexiados” na Administración Pública?**
- a. A aqueles órganos compostos por un só membro
 - b. A os órganos compostos por varios membros con igualdade de voto
 - c. A os órganos compostos por varios membros con voto ponderado
 - d. A aqueles órganos compostos por membros elixidos por sorteo
- 58. Cando falamos de Administración Electrónica referímonos...**
- a. A o uso da tecnoloxía para mellorar a eficiencia dos servizos públicos
 - b. Á eliminación dos servizos públicos presenciais
 - c. Á substitución parcial dos funcionarios públicos por intelixencia artificial
 - d. Á creación de novos impostos para financiar a tecnoloxía do estado
- 59. Esquema Nacional de Interoperabilidade...**
- a. Consiste nunha plataforma de mensaxería instantánea para a comunicación entre Administracións Públicas
 - b. É un sistema de seguimento de expedientes administrativos en liña
 - c. Refírese á norma que obriga aos cidadáns a utilizar servizos públicos



electrónicos

- d. É un conxunto de normas técnicas para garantir a compatibilidade entre sistemas informáticos

60. En canto ao Rexistro Electrónico de Apoderamento: Un apoderado poderá inscribir o poderamento por Internet sempreque...

- a. A inscrición sexa para exercer o poderamento no ano natural no que se solicita
- b. O acompañe dun documento público ou privado con sinatura electrónica ou firma lexitimada
- c. O acompañe da fe de vida da persoa apoderada
- d. A inscrición sexa para levar a cabo soamente un trámite común

61. Cando entra en vigor un Apoderamento Electrónico?

- a. Nun prazo máximo de 48 horas despois da data de incorporación ao Rexistro Electrónico de Apoderamentos
- b. Nun prazo máximo de 24 horas despois da data de incorporación ao Rexistro Electrónico de Apoderamentos
- c. Nun prazo mínimo de 48 horas despois da data de incorporación ao Rexistro Electrónico de Apoderamentos
- d. Nun prazo mínimo de 24 horas despois da data de incorporación ao Rexistro Electrónico de Apoderamentos

62. O Rexistro de Apoderamentos da Administración Xeral do Estado é un rexistro electrónico que permite inscribir:

- a. As representacións que as persoas interesadas outorguen a outras persoas para actuar no seu nome de maneira electrónica ou presencial ante a Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos e entidades de dereitos público dependentes ou vinculados adheridos.
- b. As representacións que as persoas interesadas outorguen a outras persoas para actuar no seu nome de maneira presencial ante a Administración Municipal.
- c. As representacións que as persoas interesadas outorguen a outras persoas para actuar no seu nome de maneira electrónica ante organismos públicos.
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

63. Cal das seguintes NON é unha característica do acto administrativo?

- a. Emanar da Administración Pública
- b. É fiscalizable ante a Xurisdición contencioso-administrativa
- c. É unha comunicación bilateral
- d. Non require mediación de vontade do suxeito destinatario para ter validez

64. Serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito, os actos administrativos que:

- a. Limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos
- b. Se refiran a propostas de resolución nos procedementos de carácter sancionador
- c. Rexeiten probas propostas polas persoas interesadas.



d. Todas son correctas.

65. Tal e como se recolle na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en canto ás condicións xerais para a práctica das notificacións... (SINALA A INCORRECTA):

- a. As notificacións practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibila por esta vía.
- b. Con independencia do medio utilizado, as notificacións serán válidas sempre que permitan ter constancia do seu envío ou posta ao dispor, da recepción ou acceso polo interesado ou o seu representante, das súas datas e horas, do contido íntegro, e da identidade fidedigna do remitente e destinatario da mesma.
- c. As notificacións practícaranse preferentemente por medio da entrega directa, e cando non sexa posible, utilizaranse medios electrónicos
- d. As Administracións poderán practicar notificacións por medios non electrónicos cando precisen asegurar a eficacia da actuación administrativa e para iso resulte necesario practicar a notificación por entrega directa dun empregado público da Administración notificante

66. Cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, ignórese o lugar da notificación ou ben, tentada esta, non se puido practicar, a notificación farase por medio de:

- a. Correo electrónico
- b. Contacto telefónico
- c. Dun anuncio publicado no «Boletín Oficial do Estado»
- d. Dun anuncio publicado no xornal de maior difusión da Comunidade Autónoma

67. A forma dos actos administrativos producirase:

- a. Por escrito ou, nos casos que os órganos administrativos exerzan a súa competencia de forma verbal, a constancia escrita do acto a efectuaraa e asinara o órgano ou autoridade da que procede a comunicación.
- b. Electrónicamente, salvo que a persoa interesada solicítase que fóra en papel
- c. Por escrito, a través de medios electrónicos, a menos que a súa natureza esixa outra forma máis adecuada de expresión e constancia.
- d. Por escrito ou verbalmente segundo a autoridade da que emane o acto administrativo sexa un órgano colexiado ou unipersoal.

68. Tal e como se recolle na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en canto ás condicións xerais para a práctica das notificacións... (SINALA A INCORRECTA):

- a. As notificacións practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibila por esta vía.
- b. Con independencia do medio utilizado, as notificacións serán válidas sempre que permitan ter constancia do seu envío ou posta ao dispor, da recepción ou acceso polo interesado ou o seu representante, das súas datas e horas,



do contido íntegro, e da identidade fidedigna do remitente e destinatario da mesma.

- c. As notificacións practícaranse preferentemente por medio da entrega directa, e cando non sexa posible, utilizaranse medios electrónicos
- d. As Administracións poderán practicar notificacións por medios non electrónicos cando precisen asegurar a eficacia da actuación administrativa e para iso resulte necesario practicar a notificación por entrega directa dun empregado público da Administración notificante

69. Notificación infrutuosa. Cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, ignórese o lugar da notificación ou ben, tentada esta, non se puido practicar, a notificación farase por medio de:

- a. Correo electrónico
- b. Contacto telefónico
- c. Dun anuncio publicado no «Boletín Oficial do Estado»
- d. Dun anuncio publicado no xornal de maior difusión da Comunidade Autónoma

70. En cantos niveis se clasifican os postos de traballo da Administración Pública?

- a. En 5 niveis
- b. En 10 niveis
- c. En 15 niveis
- d. En 30 niveis

71. Para ser admitido nas probas para o acceso á Función Pública local, será necesario, entre outros requisitos:

- a. Posuír a nacionalidade española
- b. Estar en posesión da titulación esixible
- c. Non atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas
- d. Todas as anteriores son correctas

72. Con respecto aos funcionarios de carreira, sinala a INCORRECTA:

- a. Son funcionarios de carreira os que desempeñen o servizo en virtude de nomeamento legal
- b. Son funcionarias de carreira da Administración local aquelas persoas que desempeñen servizo de carácter permanente nunha Entidade local
- c. O persoal funcionario das entidades locais réxese pola lexislación local que resulte de aplicación
- d. O Estatuto básico do Empregado Público establece as bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos incluídos no seu ámbito de aplicación

73. O Estatuto Básico do Empregado Público recóllese na:

- a. Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro
- b. Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro
- c. Lei Orgánica 5/2015, de 30 de outubro
- d. Lei 5/2015, de 30 de outubro



- 74. O título III da lexislación que regula o Estatuto Básico do Empregado Público refírese a:**
- Obxecto e ámbito de aplicación
 - Dereitos e deberes. Código de conduta dos empregados públicos
 - Dereito á negociación colectiva, representación e participación colectiva.
- 75. Un dos fundamentos de actuación que se recolle no Estatuto Básico do Empregado Público é:**
- Igualdade, mérito e capacidade tanto no acceso como na promoción profesional
 - Traballo en equipo
 - Igualdade entre os cidadáns
 - Parcialidade e garantía
- 76. Con referencia ao Estatuto Básico do Empregado Público aplícase ao persoal funcionario e no que proceda ao persoal laboral ao servizo de:**
- Da Administración Xeral do estado, da Administración das CCAA e das cidades de Ceuta e Melilla.
 - Das Administracións das entidades locais, dos organismos públicos así como das axencias e demais entidades de dereito público vinculadas a calquera administración pública
 - Das Universidades Públicas
 - Todas son correctas
- 77. A condición de funcionario decarreira da Administración local NON se perde por:**
- Renuncia ao post
 - Perdida da nacionalidade española
 - Xubilación forzosa
 - Por imposición de sanción administrativa
- 78. O tipo das recargas que establecen as Provincias, de que porcentaxe máxima será?**
- Do 30 %.
 - Do 40 %.
 - Do 25 %.
 - Do 50 %.
- 79. De que cantidade non pode exceder a base imponible das contribucións especiais?**
- Do 75 % do custo que as Entidades Locais soportan pola realización das obras ou servizos gravados
 - Do 80 % do custo que as Entidades Locais soportan pola realización das obras ou servizos gravados
 - Do 50 % do custo que as Entidades Locais soportan pola realización das obras ou servizos gravados.
 - Do 90 % do custo que a Entidade Local soporte pola realización das obras ou servizos gravados
- 80. En que artigo se sinala que as Entidades Locais poden establecer e esixir tributos?**



- a. No artigo 133 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- b. No artigo 133 da Lei 30/1992.
- c. No artigo 133 da Constitución Española.
- d. No artigo 133 da Lei de Bases de Réxime Local.